

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
	IES SÁNCHEZ CANTÓN	PONTEVEDRA	2023-2024

Ensinanza

Currículo	Ensinanzas	Título	Grao	Réxime
Decreto 372/2003, do 16 de setembro	DEPORTIVAS (RÉXIME ESPECIAL)	TÉCNICO DEPORTIVO EN FÚTBOL 1º NIVEL (455 h)	MEDIO	PRESENCIAL

Módulo profesional

Código	Nome	Curso	Trimestre	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
M13	TÁCTICA E SISTEMAS DE XOGO 1	N1	1º	4	40	48

Profesorado responsable

Elaboración	TOMÁS MONTOYA ABOAL
Impartición	TOMÁS MONTOYA ABOAL

2. Concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Competencias específicas do módulo (saber e saber facer):

1. Instruír nos principios fundamentais da técnica e da táctica deportiva de fútbol.
2. Determina-los principais aspectos da táctica e dos sistemas de xogo no fútbol.
3. Establecer unha eficaz progresión na aprendizaxe das distintas execucións técnicas e tácticas básicas do fútbol a nivel individual e colectivo.
4. Avalia-las progresións das aprendizaxes dos deportistas, identifica-los erros e aplica-los métodos e os medios necesarios para a súa corrección.
5. Analiza-los principios fundamentais da táctica do fútbol e a súa aplicación ó xogo na etapa de iniciación deportiva.
6. Describi-los sistemas básicos de xogo e as accións estratéxicas aplicables ó xogo na etapa de iniciación deportiva.
7. Aplica-los coñecementos sobre a táctica, os sistemas de xogo e as estratexias ó xogo de equipos de futbolistas novos.
8. Aplica-la terminoloxía elemental da táctica do fútbol.
9. Describi-los criterios para adestrar na táctica, na estratexia e nos sistemas de xogo con futbolistas novos.
10. Iniciar no coñecemento da historia do fútbol.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

UD	Título	Descrición	Duración (sesións)
1	Táctica do fútbol.	Concepto e principios xerais. Capacidade cognitivas, perceptivo-motoras e habilidades técnicas en relación coas accións tácticas. Elementos a ter en conta no desenvolvemento do xogo. Coñecemento da historia do fútbol dentro da Táctica evolutiva.	10
2	Principios fundamentais da táctica: principios ofensivos.	Análise de fundamentos tácticos ofensivos individuais, grupais e colectivos.	16
3	Principios fundamentais da táctica: principios defensivos.	Análise de fundamentos tácticos defensivos individuais, grupais e colectivos.	16
4	Sistemas tácticos.	Sistema de xogo. Sistemas de xogo aplicables na iniciación deportiva.	6
TOTAL			48

4. Metodoloxía

É preciso que os alumnos adquiren unha aprendizaxe significativa, é dicir, unha aprendizaxe duradeira, sólida e útil (aplicable a situacións reais). Esta prodúcese cando os contidos son relacionados de forma substantiva e non arbitraria cos conceptos previos do alumno, e intégranse na súa estrutura cognitiva.

Para iso é preciso ter en conta os **principios constructivistas**:

1. **Necesidade de partir do nivel de desenvolvemento do alumno:** o profesor ha de ter en conta o nivel de desenvolvemento físico e intelectual dos seus alumnos así como os seus patróns de movementos previos para poder adaptar os métodos, estratexias e actividades que vai empregar.
2. Necesidade de asegurar a **construción de aprendizaxes significativas:** estarán adaptados ao nivel de desenvolvemento do alumno e permitirán establecer relacións entre os coñecementos e experiencias previas do alumno e os novos contidos.
3. A intervención educativa debe ter en como obxectivo prioritario o posibilitar que os alumnos realicen aprendizaxes significativas por si mesmos. É dicir, que sexan capaces de aprender a aprender (competencia en aprender a aprender e autonomía e iniciativa persoal). Fin último da educación, preténdese lograr que o alumno/a sexa capaz de lograr unha aprendizaxe autónoma e que o día de mañá sexa capaz de aprender a desenvolverse en por si.

Para levar a cabo estes principios é preciso describir os **estilos de ensino** que utilizarei. Estes serán xeralmente, os tradicionais (instrucción directa e asignación de tarefas), os cognitivos (descubrimiento guiado e resolución de problemas) e os de individualización como o traballo en grupos.

Para planificar cada sesión seguirei o modelo de organización de Santos de Berrocal, o cal divide a sesión en 5 partes ou apartados:

4. Información.
5. Adaptación ou quencemento.
6. Logro de obxectivos.
7. Volta á calma.
8. Reflexión e avaliación.

En canto ás **actividades**, é preciso desenvolver unha gran variedade para atender a todas as características, capacidades e necesidades dos alumnos.

Adoptarei diferentes formas de agrupamento, atendendo aos contidos a traballar e aos obxectivos a alcanzar. Xa que logo exporemos actividades individuais, colectivas, por parellas,...

Así pois, nunha mesma sesión combinaremos diferentes **tipos de actividades** que permitan que o alumno alcance unha aprendizaxe significativa. Estas serán actividades de diagnóstico (permiten coñecer o punto de partida dos alumnos/as), de introdución ou motivación (incitan ao alumno/á a práctica), de desenvolvemento e aprendizaxe (garanten a adquisición das aprendizaxes), de consolidación (práctica de aspectos apresos aínda que con inestabilidade nos resultados de execución), de reforzo (resaltan aspectos da tarefa especialmente relevantes), de resumo (integran varias tarefas de desenvolvemento e aprendizaxe), de recuperación-ampliación (permiten atender a posibles alumnos/as con ritmos de aprendizaxes máis lentas ou rápidos), e de avaliación (posibilitan valorar o nivel que ten o alumno).

5. Mínimos esixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os alumnos/as teñen dereito a que o seu rendemento escolar se avalíe con plena obxectividade.

1. O proceso de avaliación será continuo o longo de todo o proceso formativo.
2. Permitirase ata un máximo de faltas a clase para manter o dereito a avaliación continua (20 %).
3. No momento que un/a alumno/a acade faltas de asistencia a clase dun 10%, aperibiráselle coa advertencia de que no momento que acade o 20% de faltas perderá automaticamente o seu dereito á avaliación continua.

4. A solicitude e documentación para a xustificación das faltas de asistencia deberán presentarse por escrito ó profesor por adiantado ou cun prazo máximo de 5 días hábiles a contar dende o día que produciuse a inasistencia a clase.
5. A acumulación de 3 retrasos superiores a 9 minutos suporán 1 falta de asistencia.
6. A acumulación de 5 retrasos inferiores a 10 minutos suporán 1 falta de asistencia.
7. Os retrasos inferiores a 10 minutos poderán ser equivalentes a retrasos superiores a 9 minutos en función do tempo do retraso acumulado.
8. O alumno/a que perda o seu dereito a avaliación continua terá dereito a realizar as probas de avaliación en convocatoria ordinaria e extraordinaria, a cal farase con posterioridade á convocatoria ordinaria do módulo.
9. O alumno/a que esgotara as catro convocatorias máximas poderá solicitar á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria unha convocatoria mais extraordinaria, sempre e cando se atope e xustifique documentalmente calquera das circunstancias que contempla a lexislación vixente (Doenza prolongada propia ou familiar, discapacidade, violencia de xénero ou circunstancia que condicione ou impida o desenvolvemento ordinario de estudos).

Como mínimo o alumno/a deberá ser capaz de acadar de xeito básico as seguintes competencias específicas do módulo:

- a) Describi-los principios fundamentais da táctica e relaciona-los principios ofensivos e defensivos.
- b) Nun suposto dun equipos de fútbol de categoría infantil con deportistas na etapa da iniciación deportiva:
- c) Xustifica-los fundamentos da táctica e a súa aplicación ó xogo na fase de iniciación deportiva.
- d) Establece-los principios fundamentais da táctica relacionados co traballo específico do porteiro.
- e) Explica-la influencia das calidades perceptivo- motoras sobre a execución de accións tácticas en idades novas.
- f) Dado un suposto práctico dun equipo de fútbol de categoría infantil, con deportistas na etapa de iniciación deportiva:
- g) Determinar e xustifica-los sistemas básicos de xogo e as accións estratéxicas aplicables ó xogo.
- h) Diferencia-los aspectos fundamentais das accións estratéxicas sen e con posesión de balón.
- i) Diferencia-las accións tácticas en función das distintas idades.
- j) Emprega-los criterios axeitados sobre a táctica e os sistemas de xogo con futbolistas novos no desenvolvemento do xogo.
- k) Identifica-lo fundamento táctico partindo dun determinado esquema de xogo en deportistas novos.
- l) Utiliza-los termos tácticos básicos aplicados á iniciación deportiva.
- m) Emprega-la terminoloxía máis axeitada nunha formulación táctica.
- n) Nun suposto práctico dun equipo de fútbol de rapaces nun período concreto da competición, establece- los obxectivos tácticos para o adestramento.
- o) Diferencia-los obxectivos tácticos con base nas accións tácticas de defensa ou ataque adaptado á idade dos deportistas.

- p) Describi-la evolución histórica do fútbol desde o século XVI ata a actualidade.
- q) Analiza-los feitos máis relevantes na evolución histórica do fútbol.

1. A avaliación continua do módulo terá en conta:

- a) O traballo do alumnado; valorarase nunha escala 1 – 10 e suporá un 50 % da cualificación final. Consistirá na realización de tarefas e sesións de adestramento sobre os contidos do módulo. Para a avaliación do traballo terase en conta a calidade da presentación, a coherencia na estrutura e contidos, a claridade expositiva, a capacidade de síntese, o tipo de linguaxe empregada e o respecto aos prazos de entrega.
- b) A aprendizaxe do alumnado; valorarase nunha escala de 1 – 10 e suporá o 50 % da cualificación final. O instrumento de avaliación empregado será a realización de probas teórico-prácticas, probas escritas de resposta múltiple e/ou resposta curta. A cualificación deste apartado será a media ponderada das cualificacións obtidas en cada unha das probas realizadas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.1 Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Durante o curso poderanse facer conforme o horario elaborado pola xefatura de estudos actividades de apoio, recuperación e avaliación para aqueles alumnos/as que non acadaran unha avaliación positiva na avaliación final do módulo.
2. As actividades de recuperación e apoio definiranse conforme os resultados obtidos polos alumnos/as na avaliación anterior e centraranse de xeito concreto nos erros e as dificultades mostradas.
3. O marxe do tratamento específico destas actividades manterase un enfoque global e integrador dos contidos científicos, tecnolóxicos e organizativos do módulo.
4. Aplicarase unha metodoloxía baseada na resolución de problemas, a investigación e o aprendizaxe práctico, coa realización de actividades expositivas, actividades guiadas, actividades que estimulen o aprendizaxe autónomo, autorregulado e co emprego de TIC.
5. Se fose necesario o comezo do período de actividades faríase unha proba de diagnose complementaria para determinar con maior precisión as necesidades de aprendizaxe dos alumnos/as.

6.2 Procedemento para definir a proba de avaliación na convocatoria ordinaria e extraordinaria.

- a) O alumno/a que perda o seu dereito a avaliación continua terá dereito a realizar probas de avaliación nunha convocatoria ordinaria e outra extraordinaria.
- b) As probas das convocatorias ordinaria e extraordinaria deberán medir de xeito mínimo as capacidades terminais elementais asociadas á unidade de competencia asociada o módulo.
- c) As probas poderán conter preguntas de carácter teórico-práctico, preguntas de resposta curta e/ou preguntas de resposta múltiple e/ou resolución de supostos prácticos e para obter avaliación positiva na mesma o alumno/a deberá obter unha puntuación mínima de

5 nunha escala de 1 - 10.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

1. Faranse reunións de departamento periódicas para o seguimento da programación didáctica do módulo.
2. Na reunión farase unha valoración xeral das actividades de ensino – aprendizaxe realizadas ata o momento, especialmente no que afecta o tempo que precisan para o seu correcto desenvolvemento, a metodoloxía empregada, os resultados de avaliación obtidos e as oportunas medidas de axuste que se propoñen para a mellora da práctica docente.
3. O remate do curso e con anterioridade ó 30 de xuño, farase unha memoria cos datos xerais do curso e unha relación propostas concretas e xustificadas de mellora para o vindeiro curso, especialmente no que afecta as instalacións, os recursos, as actividades, a metodoloxía, a avaliación e a temporalización dos contidos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.1 Procedemento para a realización da avaliación inicial

1. TEMPORALIZACIÓN: A xuntanza de avaliación inicial farase despois de un mes a partir do comezo do curso.
2. OBXECTIVOS:
 - a) Coñecer as características, capacidades e formación previa dos alumnos/as.
 - b) Orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.
3. METODOLOXÍA:
 1. O titor/a do curso aportará información relevante sobre aspectos que incidan no proceso educativo dos alumnos/as. Entre outras fontes, a información poderá obterse de :
 - a) Os informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
 - b) Os estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
 - c) O alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
 - d) Os informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
 - e) A experiencia profesional previa.
 - f) A matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
 - g) A observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.
 2. O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas.
 3. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

8.2 Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

1. No caso de alumnos/as con necesidades educativas especiais:
 - a) Adaptación das condicións de accesibilidade ó centro.
 - b) Adaptación dos recursos de apoio.

- c) Flexibilización para cursar o módulo cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral (require autorización administrativa).
2. No caso de alumnos/as con dificultades de aprendizaxe:
- a) Actividades de reforzo individualizadas.
 - b) Favorecer un método de aprendizaxe baseado na práctica, experiencia e investigación a partir de intereses dos alumnos/as, estudos de caso e o emprego de recursos TIC.
 - c) Deseño de probas de avaliación en coherencia cos métodos propostos.

8.3. Medidas extraordinarias de recuperación de contidos para alumnado matriculado fora do prazo ordinario por mor de ter superado as probas de acceso na convocatoria extraordinaria:

Levaranse a cabo unha serie de medidas a aplicar no contexto das Ensinanzas Deportivas de Réxime Especial e o ciclo de Técnico Deportivo en Fútbol nivel 1 co gallo de facilitar ó alumnado matriculado fora do prazo o acceso ó currículo e a incorporación dos contidos ata a data da matrícula definitiva:

- Envío vía correo electrónico dos apuntamentos dos contidos tratados nos módulos.
- Envío vía correo electrónico das tarefas/actividades a desenvolver polo alumnado. A entrega das mesmas e avaliación NON se pode realizar ata a formalización da matrícula definitiva.
- Titorías individuais virtuais vía WEBEX para a explicación dos contidos tratados previa formalización da matrícula.
- Titorías Individuais presenciais no tempo de lecer unha vez formalizada a matrícula e incorporado o alumnado as actividades lectivas.
- Utilización das 30 horas a disposición do centro para reforzo dos contidos desenvolto previamente á incorporación do alumnado ás actividades lectivas.
- Calendario de actividades lectivas entre as convocatorias final de módulo e final de ciclo co gallo de reforzar os módulos a avaliar na convocatoria final de ciclo.

9. Aspectos transversais

9.1 Actividades complementarias e extraescolares

1. Charla coloquio dun ou varios adestradores en categorías inferiores de fútbol.
2. Visita ás instalacións onde se realicen adestramentos de categorías inferiores.
3. Planificación dunha competición deportiva.

10. Bibliografía recomendada

Entrenamiento en el Fútbol Base. Programa de aplicación técnica. AT-1 Ales Sans; Cesar Frattarola Editorial Paidotribo 2008
Barcelona

http://books.google.es/books?id=dGZR_VfXjYkC&pg=PA15&dq=Entrenamiento+en+el+F%C3%BAAtbol+Base.+Programa+de+aplicaci%C3%B3n+t%C3%A9cnica.+AT-1&hl=gl&sa=X&ei=j8EwVPLUBfPH7AaKmYGQCQ&ved=0CC4Q6AEwAA#v=onepage&q=Entrenamiento%20en%20el%20F%C3%BAAtbol%20Base.%20Programa%20de%20aplicaci%C3%B3n%20t%C3%A9cnica.%20AT-1&f=false

Metodoloxía entreno Fútbol Base. El entreno en categorías de formación. Volumen I y II. Luís Casais; Eduardo Domínguez; Carlos Lago MCSports2009 Vigo. Pontevedra.

https://www.google.es/search?q=Metodoloxia+entreno+F%C3%BAAtbol+Base.+El+entreno+en+categor%C3%ADas+de+formaci%C3%B3n.+Volumen+I+y+II.&btnG=Search+Books&tbn=bks&tbo=1&gws_rd=ssl

Fútbol. Metodoloxía de la enseñanza del fútbol. Toni Ardá; Claudio Casal Editorial Paidotribo 2003 Barcelona

Aprendizaxe

<http://books.google.es/books?id=Xm1b20xPoxsC&printsec=frontcover&dq=Entrenamiento+en+el+f%C3%BAtbol+Base.+Programa+de+aplicaci%C3%B3n+t%C3%A9cnica.+AT1&hl=gl&sa=X&ei=j8EWWPLUBfPH7AaKmYGQCQ&ved=0CDwQ6AEwAg#v=onepage&q&f=false>

La organización del juego en el fútbol. Jean-Francis Gréhaigne INDE 2001 Barcelona Táctica

https://www.google.es/search?q=La+organizaci%C3%B3n+del+juego+en+el+f%C3%BAtbol.&btnG=Search+Books&tbm=bks&tbo=1&gws_rd=ssl